

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN E AVALIACIÓN

A cualificación de cada unha das tres avaliacións do curso, virá dada pola **media ponderada das cualificacións das unidades didácticas desenvolvidas nese trimestre**, resultando:

- 1ª Avaliación: UD 1 (0,33%); UD 2 (0,33%) ; UD 3 (0,33%)
- 2ª Avaliación: UD 4 (0,33%); UD 5 (0,33%) ; UD 6 (0,33%)
- 3ª Avaliación: UD 7 (0,25%); UD 8 (0,25 %) ; UD 9 (0,25%); UD 10 (0.25%)

A cualificación do trimestre resultará de aplicar o cálculo das porcentaxes por unidade didáctica traballadas no mesmo e polo total de unidades didácticas traballadas. No caso de que non dese tempo a dar a totalidade do temario, en cada avaliación farase a ponderación entre as unidades que se chegaron a impartir nese trimestre.

Para superar un trimestre hai que acadar unha cualificación de 5 puntos ou superior. No caso de que resulte unha cualificación con decimais, aplicaranse as seguintes regras de redondeo: notas superiores ao 0,5 (é dicir 5,6- 6,6) subirase ao seguinte dígito (é dicir 6, 7,...)

ESTRUTURA DE CADA AVALIACIÓN

• **Parte escrita (60%):** proba teórica que contará con contidos históricos, de escoita activa e análise reflexiva e comentada de audicións e partituras, análise de feitos históricos etc.; todas estas tarefas de avaliación estarán axustadas aos contidos de cada unidade e ademais poderá contar con preguntas en formato test e outras de redacción. Neste apartado tamén se inclúen os guións e a información presentada nos traballos de investigación, crítica persoal e de difusión en distintos formatos: podcast, audiovisual.

• **Táboa de indicadores (40%):** parte práctica na que contarán a práctica instrumental, vogal e de movemento. participación, o traballo regular na aula e na casa, os traballos a presentar na aula etc. Esta parte avaliarase mediante a observación sistemática con táboas de indicadores ou rúbricas.

CUALIFICACIÓN ORDINARIA:

Farase un cálculo prorrateado tendo en conta o peso que cada un destes trimestres terán na cualificación final:

- 1º trimestre: 32% sobre o total da cualificación ordinaria
- 2º trimestre: 32% sobre o total da cualificación ordinaria
- 3º trimestre: 36% sobre o total da cualificación ordinaria

Criterios de recuperación:

O alumnado poderá recuperar ou incluso subir a súa cualificación para unha unidade didáctica en calquera momento do curso seguindo as indicacións que o profesorado faga chegar a cada alumna e a cada alumno.

Para mellorar unha cualificación, o alumnado realizará actividades que servirán tanto de recuperación dos contidos teóricos e/ou prácticos da materia non superados como de apoio, reforzo, e, no seu caso, de preparación das probas extraordinarias.